

# INCRIBLE PERO CERTO

Quentin Dupieux, 2022

# 1111

ESTREA EN NUMAX: 19.05.2023 | V.O.S.E. | +12 | 74 min

Alain e Marie mudáronse á casa suburbana dos seus  
soños. Pero o axente inmobiliario advertiunos: o  
que hai no soto pode cambiar as súas vidas para  
sempre.

«Máis diversión do líder do absurdo  
en Francia»

Jordan Mintzer, THE HOLLYWOOD REPORTER



## Entrevista con Quentin Dupieux: «Ter dous personaxes que non enfrontan un problema da mesma maneira engade humor ao filme»

Por Marta Balaga

**Sempre podemos contar contigo para ver algo completamente diferente, pero este filme parece un pouco máis triste que as túas películas habituais.** Non sei se máis triste, pero quizais sexa máis profunda do habitual, aínda que me segue parecendo unha comedia. Tal vez porque a temática é máis seria porque trata do que eles atravesan como parella. Pero incluso no meu filme da mosca xigante, *Mandibles* (2020), había algúns aspectos bastante complexos en xogo, polo menos desde certa perspectiva.

**É divertido pensar que hai algo estraño na túa casa e que decides ignoralo. Normalmente, adoita pasar como en *Narnia*: se hai un portal máxico, crúzalo. Alain di: “Non grazas”. Por que quixeches ter un personaxe como ese?**

Probablemente porque diría exactamente o mesmo. Ese sería o meu método. Non me gustaría estar alí! Probablemente, Alain sexa o personaxe que máis me gusta porque me sinto igual. Quizais o faría unha vez, para probalo, pero logo seguiría coa miña vida. Ter dous personaxes que non enfrontan este problema da mesma maneira engade humor ao filme, pero ese concepto de alterar o proceso natural da vida... Persoalmente, non me gustaría. Se interfires moito niso, algunhas cousas sempre irán mal. Por exemplo, as froitas: queremos que sexan máis grandes e mellores, pero, como afecta iso ao medio ambiente? Ou cando intentaron clonar a ovella? Está mal, así que intentemos non chegar a iso.

**Cres que é unha historia sobre o control? Perdémolo cando envellecemos, cando os nosos corpos comezan a fallarnos máis a miúdo. Marie experimentao e tamén o xefe de Alain, que decide “intercambiar” o seu pene polo seu equivalente eléctrico.** Ambos teñen o mesmo problema: asústalles envellecer. Para algúns homes, envellecer significa que xa non poden satisfacer na cama. Por iso moitos homes de 70 anos consumen esas píldoras azuis todo o tempo. Queren ter ereccións a toda costa, algo que me parece ridículo. Dalgunha maneira, existe ese medo a ser percibido como unha máquina rota que xa non funciona. Marie quere ser guapa, ser modelo: é vaidade. El finxe ser moi “macho”, pero en realidade é moi inseguro, xa que busca constantemente a aprobación dos demais. Aínda que teña o pene perfecto, segue sendo inseguro. Quizais non sexa unha boa persoa, pero sentes pena por el. En realidade, estou seguro de que este home existe na vida real: está nalgún lugar aí fóra.

**A moitos encantaríalles facer o que el fai. Quizais somos demasiado educados para dicir como nos sentimos en canto a algunhas cousas. É como a escena da cea na película: ninguén lle di que é raro ter un pene que podes dirixir.** Si, non podes facer iso. Non estou xulgando a ninguén. Pero para min, cambiar quen somos ata ese punto, dá medo.

**Nunca explicas nada nos teus filmes. *Incrible pero certo* non é unha excepción: eles entran na casa, descubren o pasadizo e iso e todo. Eles (ou nós) nunca sabemos como chegou alí por primeira vez.** Cando fixen *Rubber* (2010), sobre un neumático vivo, a única pregunta que tiña na cabeza mentres escribía era: “Debería explicalo? Debería explicar por que o neumático está vivo?” Pero se o fas, se explicas demasiado, de súpeto convértese nun filme horrible. Perdes toda a maxia porque non importa o que fagas, sempre soará estúpido.